



HISTORIA DAS RÍAS DE GALICIA




A LENDA DAS RÍAS GALEGAS



A LENDA DAS RÍAS GALEGAS

Conta a lenda que cando Deus rematou de crear o mundo, o Domingo descansou. Apoioouse na Terra porque estaba canso e posou a súa man sobre Galicia. Ao facer iso deixou a marca do seus dedos na costa Galega.


O dedo pulgar fixo a Ría de Corcubión, o índice a Ría de Noia e Muros, o dedo corazón, a máis grande, a de Arousa; e os dedos anular e maimiño, fixeron as rías de Pontevedra e Vigo.




QUE SON AS RÍAS EN REALIDADE

As rías son o rasgo paisaxístico máis característico da costa galega. Unha ría é un val fluvial inundado polo mar.

A diferenza do fiordo noruegués, as rías galegas foron formadas polos grandes ríos galegos (Tambre, Ulla, Umia...) que erosionaron na costa e formaron vales fluviaais que logo foron inundados polo océano.



AS RÍAS ALTAS




As Rías Baixas teñen estas principais características:

- Son grandes, anchas e longas.
- Son caudalosas e profundas.
- O cabo de Fisterra sinala o seu final e o comezo das altas.
- Desembocan na costa atlántica.
- Algunhas rías teñen illas que as protexen do mar aberto.

Estan formadas polas rías de: Vigo, Pontevedra, Arousa, Noia e Muros, e de Corcubión.

AS RÍAS ALTAS




As rías altas teñen estas principais características:

-Son curtas e menos caudalosas que as rías baixas.

-Están divididas en tres subzonas: A Costa da Morte, con rías como as de Camariñas ou de Laxe. Tamén esta o Golfo Ártabro, que contén rías como a da Coruña ou a Ría de Ferrol. E a última será a Mariña Lucense, coas Rías de Viveiro ou de Ribadeo.

AS RÍAS, VIVEIROS NATURAIS DE PEIXE E MARISCO



As rías galegas son un ecosistema privilexiado xa que as súas augas están cheas de placton. Isto sucede grazas ao afloramento que fai que as reservas de placton das Rías galegas sexan renovadas periódicamente.

A RÍA, UN ESPAZO DE GRAN BIODIVERSIDADE: A SARDIÑA



- Tamén son chamadas Parrochas ou Xoubas.
- É un peixe azul.
- Vive en auga salgada.
- Pertence a un dos grupos de peixes máis abundantes do planeta.

A RÍA, UN ESPAZO DE GRAN BIODIVERSIDADE:

O BERBERECHO



- Tamén é chamado verdigón.
- É un molusco bivalvo.
- Vive en augas salgadas.
- A súa forma de corazón fixo que ao principio se lle dera o nome de corazón comestible.

A RÍA, UN ESPAZO DE GRAN BIODIVERSIDADE

O MEXILLÓN



- É un molusco bivalvo.
- Vive formando comunidades numerosas.
- É a especie máis numerosa das nosas costas.
- Vive a pouca profundidade.

A RÍA, UN ESPAZO DE GRAN BIODIVERSIDADE

A OSTRAS



- É un molusco bivalvo.
- O seu medio natural é unidos ás rocas ou enterrados na area.
- Vive ata os 80 metros de profundidade.
- No seu interior conteñen perlas.

A RÍA UN ESPAZO DE GRAN BIODIVERSIDADE

O POLBO



- É un molusco cefalópodo e octópodo.
- Vive en fondos rochosos e nas zonas litorais entre rochas e pedras.
- Habita en profundidades inferiores a 200m.

A RÍA, UN ESPAZO DE GRAN BIODIVERSIDADE

A VIEIRA



- É un molusco bivalvo.
- Está emparentado coas ostras e as ameixas.
- É o símbolo do peregrino no camiño de Santiago.
- Os seus exemplares máis grandes poden chegar a pesar 1kg e medio.

A CULTURA CASTREXA



A CULTURA CASTREXA

A cultura castrexa foi un conxunto de manifestacións culturais do noroeste da Península Ibérica, que durou dende finais da Idade de Bronce ata o século I d.C. Vivían en poboados amurallados coñecidos como castros.



O CASTRO DE BAROÑA



CELTAS E GALAICOS

- Durante a última etapa da Prehistoria, os celtas, chegaron á Península Ibérica.
- Estes pobos, eran orixinarios do centro de Europa, e establecéronse en diversas zonas da Península.
- Na zona de Galicia, os celtas mesturáronse coa poboación indíxena, e recibiron o nome de 'Galaicos'.



CELTAS E GALAICOS

- A sociedade castrexa organizábase en pobos, formados por castros veciños.
- Os castros soían estar feitos de forma circular. Tiñan paredes de pedra e teitos de palla.
- A súa sociedade tiña unha distribución da riqueza desigual.
- Actualmente en Galicia consérvanse ao redor de 1.300 castros.



A ECONOMÍA CASTREXA

- A economía castrexa baseábase na agricultura e na gandaría. Tamén cultivaban cereais e legumes e recollían landras. Pola súa parte, nos castros costeiros tamén se desenvolvían actividades económicas de pesca, das que se teñen grandes coñecementos grazas aos **concheiros**.

OS CONCHEIROS


- Os concheiros son restos arqueolóxicos formados por acumulacións de numerosas cunchas de moluscos e espiñas de peixe.
- Grazas a eles, non só coñecemos a dieta dos galaicos da costa, senón que tamén sabemos os métodos de pesca e marisqueo empregados.

A PESCA E O MARISQUEO NA CII TIIRA CASTREXA



A PESCA E O MARISQUEO NA CULTURA CASTREXA

- As técnicas de **pesca** dos castrexos eran rudimentarias, nunca afastándose demasiado da beira mar. Sempre ían en pequenas embarcacións. Adoitaban pescar sardiñas, xurelos...
- O marisqueo levábase a cabo aproveitando a baixada das mareas recollendo lapas, mexillóns, ameixas...



A CONSERVA DO PEIXE

A SALGADURA



- É coñecido que os galaicos xa utilizaban un método rudimentario de conserva; empregando o sal que recollían na beiramar ou nas costas dos lagos salgados.

A CONSERVA DO PEIXE

O SECADO



- Poderíase dicir que o método de conservación do peixe era o secado; abrindo os peixes en canal e poñéndoos a secar nas costas venteadas das praias, como inda se fai a día de hoxe, nalgunhas costas de Galicia.

AS RÍAS EN ÉPOCA ROMANA



A CIVILIZACIÓN ROMANA

- O pobo romano xurdiu na Península Itálica ao torno do século VIII a.C, e acabou formando un gran imperio ao torno do mar Mediterráneo.
- Entre as súas conquistas destacará a Península Ibérica, á que eles chamaron Hispania.



A ROMANIZACIÓN DE HISPANIA

- Coa romanización, os romanos impuxeron a súa cultura nos territorios conquistados.
 - O latín: impúxose sobre as linguas indíxenas.
 - O dereito romano: fixo que todos os habitantes de Hispania se rexesen polas mesmas leis.
 - A relixión romana: foise impoñendo na maior parte de Hispania.



A GALICIA ROMANA



A GALLAECIA



- O norte da Península Ibérica despertou interese nos romanos pola riqueza mineira.
- A súa conquista non foi doada para o exército romano, pois durou máis dun século.
- Xa incorporados, creouse a provincia chamada Gallaecia, con tres cidades fundadas: Lugo, Braga e Astorga.

A ECONOMÍA GALAICO-ROMANA

- Pode dicirse que a economía da Gallaecia baseouse na agricultura, no comercio e na minaría.
- Foi moi destacable a riqueza aurífera do noroeste peninsular, construíndo os romanos minas de ouro ao aire libre tan famosas como as Médulas de León, que lle deron a Gallaecia o nome de **a terra rica en ouro**.



AS RÍAS GALEGAS EN ÉPOCA ROMANA



- Máis tarde, os romanos decatáronse da grande riqueza pesqueira e marisqueira das nosas rías, e non dubidaron en comezar a súa explotación.
- Deste xeito, desenvolveuse moito a pesca e a salgadura para a conserva de peixe, con técnicas máis evolucionadas ca dos castrexos.

O MÉTODO DE SALGADURA ROMANO




- En moitas cidades e vilas costeiras galegas, podemos atopar restos arqueolóxicos de antigas instalacións romanas de salgadura.
- Nelas observamos grandes tanques de pedra, onde se introducían os peixes para ser posteriormente cubertos de sal, e así lograr a súa máxima conservación.

O GARUM



O GARUM

- O Garum era un produto moi apreciado polos romanos, empregado para darlle sabor ós alimentos.
- Era unha salsa composta por vísceras e sangue de peixe fermentadas.
- Hispania era a maior produtora de Garum de todo o imperio. Especialmente, producíase no sur.



O ECOSISTEMA DAS RÍAS EN ÉPOCA ROMANA

- Ao estar moi pouco contaminado, o ecosistema mariño era moi favorable para o desenvolvemento da fauna e da flora. Isto sabémolo xa que hai evidencias arqueolóxicas na máis romana das cidades galegas: Lugo.



LUGO (LUCUS AUGUSTI)



- Lugo, foi fundada polo emperador Augusto, e era un destacado centro político e administrativo do noroeste peninsular.
- Dada a súa importancia, nela, vivían as clases máis poderosas da Gallaecia.

FINN